

BOLSAS DE MOBILIDADE PARA ESTUDANTES DE GRAO E MESTRADO OFICIAL PARA PARTICIPAR EN PROXECTOS E ACCIÓNS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO

-Recomendacións para buscar unha entidade na que facer a estadía:

1) Teño o perfil axeitado para realizar esta estadía?

- a. Para realizar esta estadía é necesario que sexas unha persoa con capacidade de aprender dos demais e das diferenzas que vas a atopar no país de destino
- b. Axudarate moito ser flexible, ter capacidade de adaptarte aos cambios, e aceptar que las cousas non sempre son ou como se prevén.
- c. Entender que vas desempeñar unha estadía no marco dun proxecto de cooperación e como en calquera proxecto solidario na actividade están implicados máis intereses e actividades que os teus.
- d. Axudarate moito a participación previa en experiencias de voluntariado.

2) -¿Como busco unha entidade de acollida para realizar a mina estadía?

Lembra que convocatoria vixente prioriza que os Proxectos sexan financiados pola Cooperación Galega.

A continuación dámosche indicacións para facilitar o proceso de busca de entidade de acollida:

-Podes optar por contactar con algunha das persoas coordinadoras de **Proxectos de Cooperación no Exterior da UVigo financiados pola Cooperación Galega.**

Na actualidade hai dous proxectos vixentes:

-Fortalecemento da Universidade de Cabo Verde para o fomento do emprendemento e a innovación sustentable en Cabo Verde nas áreas da economía verde e azul

-Mellora do sistema de abastecemento de auga para consumo humano nunha poboación de Guinea Bissau

Se estiveses interesada/o en realizar a estadía nestes proxectos escríbenos a direc.equidade@uvigo.es e te poremos en contacto cos profesores que coordinan estes Proxectos.

-Podes contactar con **axentes da cooperación galega (ONGD, e outras entidades que teñan proxectos nos países elixibles)**

Por exemplo Enxeñaría Sen Fronteiras teñen un programa de estadías en Honduras. Solicita unha das súas prazas antes do 22 de febreiro:

Outra entidade que tamén oferta esta posibilidade é [Solidariedade Internacional de Galicia](#) que ofrecen estadías nos seus Proxectos:

-Nesta listaxe podes atopar todos os Proxectos de Cooperación no Exterior con ONGD financiados pola cooperación galega:

ONG:

[axudas concedidas ongd 2.pdf \(xunta.gal\)](#)

-Contacta coas entidades e coméntalles o teu interese en colaborar no marco das súas iniciativas no exterior. Podes atopar o directorio de ONGDs asociadas á Coordinadora Galega de ONGD premendo no seguinte enlace.

[Directorio das ONGD \(galiciasolidaria.org\)](http://galiciasolidaria.org)

Outra posibilidade é contactar coa [coordinadora Galega de ONGD](#) que aglutina a moitas as entidades que obtiveron financiamento nas convocatorias públicas da Cooperación.

Se tes dúbidas sobre a elixibilidade do proxectos, non dubides en contactarnos en :
direc.equidade@uvigo.es

Recibirei formación antes de realizar a estada:

Si, recibirás unha formación específica ofrecida pola Universidade de Vigo e tamén é preciso que a entidade que coordina o proxecto onde realices a túa estada te proporcione información. Dende a Área de Equidade e Diversidade informáremosche das datas de celebración das accións formativas.

Teño outras consultas que realizar

Se tras ler a convocatoria e este documento continúas a ter dúbidas, envíanos a túa consulta a :
Direc.equidade@uvigo.es